

EL SÁBADO

FARO DE VIGO • Sábado, 16 de septiembre de 2006 • NÚMERO 478

Xosé Neira Vilas non esquece aquel tempo no que Galicia era un lugar ó que vir de visita, aqueles anos nos que o seu corazón se fendeu en dous e asumiu como patrias propias as terras galegas que o viron nacer e onde se retirou, e Cuba, a illa que o acolleu no seu seo durante trinta e un anos.

“Son algo arxentino, un moito cubano e rotundamente galego”

O escritor de Gres publica “Vinte anos retornando”, un repaso a dúas décadas da súa vida

Marta Rivero

Máis alá das súas case sesenta obras publicadas, Xosé Neira Vilas é recoñecido pola súa incesante labor a prol da cultura galega dende hai lustros. O seu novo libro, “Vinte anos retornando”, vén a engrosar a súa bibliografía persoal e a da literatura galega escrita con letras douradas.

—A precisión coa que lembra as súas visitas a Galicia dende 1972 fai pensar que este libro é un proxecto xa planificado por aquelas datas. ¿É así?

—Non, pero o certo é que de cada viaxe eu levaba un dientario, senón sería imposible recordar. Non premeditei ningún libro pero o escritor nunca sabe o que virá despois e sempre está rexistrando todo de maneira esquemática. Claro que as emocións e algúns outros aspectos son engadidos, pero o que ocorreu en cada data recreei-no a partir dunhas notas mínimas que fixen nas doce viaxes.

—Este volume aboga por un estilo redaccional máis directo e telegráfico propio dos diarios persoais. ¿Qixo manter ese estilo das anotacións en vez de novelalo?

—A precisión e ese estilo é o que emprego nos meus artigos xornalísticos nos que teño que ceñirme a un espazo. Así, pouco a pouco ese estilo foise convertendo na miña propia forma de escribir, carente de retórica e evitando darlle demasiadas voltas ás cousas. Por eso, literariamente xa prefiro o conto e, máis en concreto o conto breve, á novela. Realmente, o exercicio xornalístico axúdame a escribir libros de ficción e a ficción, e incluso a poesía, axúdame a facer xornalismo.

—Hai unha pasaxe do libro que di: “A Galicia que non coñecía en 1949 cando embarquei para Buenos Aires vouna coñecendo agora”. ¿Tivo que marchar fóra para coñecer Galicia?

—Sí porque eu descubro Galicia ó pouco tempo de chegar a Buenos Aires debido a que alí lembro e saboreo máis a distancia pero, sobre todo, porque alí tiven mestres como Luis Seoane, Lorenzo Varela, Alberto Vilanova, Rafael Dieste... Tiñamos clases en idioma galego de literatura galega, lingua



Xosé Neira Vilas, na súa casa convertida na Fundación que leva o seu nome. / Foto: BERNABÉ

galega, xeografía, historia e economía de Galicia... e ademais había unha actividade cultural e patriótica galega intensísima en Buenos Aires. Eu vivín eso de maneira moi profunda e así descubrín Galicia. Tamén había unha patria recordada pero que recoñezo a partir dos coñecementos que adquirira alá e que non posuía cando me fun. Deste xeito, cando volvo podo valorar máis a realidade galega debido a que, cando volto, xa coñezo o país porque sei da súa historia, da transcendencia da súa lingua e da súa significación no mundo europeo. Hai que ter en conta que cando me fun estaba cego porque non

sabía nada debido a que aquí non o ensinaban e porque era a época plena do Franquismo e había unha deliberada desmemorización.

—Do mesmo xeito que cando se trasladou a Cuba retornaba a Galicia periodicamente, ¿retorna agora a súa segunda patria, Cuba?

—Sí, aínda que tamén retornei a Buenos Aires trinta e sete anos despois de ter marchado. A Cuba, dende 1992 que nos afincamos aquí, viaxei unhas trece veces, tres delas en misión oficial. Cando un vive moitos anos nun país, xa nunca máis é dun só lugar. Eu son un pouco arxentino, un moito cubano e rotundamente galego, por suposto,

porque galego fun en todos eses anos. Durante os corenta e tres anos que pasei na emigración en Arxentina e Cuba, escribiu unicamente en idioma galego, así que non só non deixei a miña lingua senón que creo que a enriquecín na emigración. Mantiven unha fidelidade a Galicia constante, un activismo cultural galego permanente e unha investigación sobre os galegos en América persistente.

—¿Que ten Cuba para rachar en dous o seu corazón, algo que non logrou Buenos Aires?

—Buenos Aires tamén porque estou moi encariñado con ela. O que pasa é que na capital arxenti-

na estiven doce anos e na Habana estiven trinta e un. Pero eu quérolle moito a Buenos Aires porque alí formeime como galego e como home, xa que estudei alí. Eu non levaba aquí máis que o ensino primario e uns cursos de comercio por correspondencia. De feito, eu emigro para poder traballar polo día e estudar pola noite ademais de para vivir a experiencia da revolución que triunfara. Cuba é outra cousa, a Cuba cheguei xa formado e fundei a sección galega do Instituto de Literatura Lingüística da Habana. Ademais, é un pobo moi cariñoso, unha xente moi tratable, moi cordial e coa que me entendo moi ben. Os cubanos son moi sinceros, abertos e solidarios. Aparte que me gusta o clima de Cuba.

—¿Cómo ve a evolución da súa terra nestes últimos trinta anos e a situación presente?

—Véxoa con cambios moi grandes, tanto no eido cultural, que é o que máis me interesa, como no económico, no ecolóxico... As transformacións en Galicia son espectaculares e moi positivas, pero hai que seguir avanzando moito.

—¿Vostede é dos que cada certo tempo le os seus libros ou dos que os escribe para os demais e tras publicalos se esquece deles?

—É raro que os volva a ler. Recorro a algún libro meu cando necesito algún dato concreto sobre algún tema, pero releerme non é algo que acostume facer porque sería moi narcisista.

—¿Séntese recoñecido pola sociedade galega?

—Sí porque, por exemplo, o próximo 30 de setembro vanme entregar o Premio Ramón Piñeiro por “Facer País”, e que para min é moi entrañable porque fun amigo de Piñeiro. Fixéronme Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña, propuxéronme para a Real Academia Galega... Síntome recoñecido a pesar de vir de fóra e agradézoo porque é un gran estímulo para todo escritor. Hai un recoñecemento tácito e non podo queixarme porque a sociedade galega acolleume moi ben, sobre todo os estudantes e a xente nova, que está moi cerca da actividade cultural.

LECTURAS/MÚSICA

Arquitectura de familia

Libros del Asteroide publica por primera vez en castellano "Vinieron como golondrinas", de William Maxwell, el histórico editor que orientó la obra de Cheever o Salinger, entre otros

Tere Gradín

William Maxwell (1908-2000) es uno de los nombres claves en las letras norteamericanas del siglo XX. Durante más de 40 años fue el editor de ficción de la influyente revista *The New Yorker*, donde ayudó a orientar la prosa y las carreras de autores como John Cheever, Eudora Welty, J. D. Salinger, Flannery O'Connor y John Updike, entre otros muchos. Como escritor, es autor de una obra breve pero exquisita compuesta por una docena de libros, entre novelas, cuentos y ensayos literarios. La editorial Libros del Asteroide publica por primera vez en castellano, con prólogo del escritor boliviano José Edmundo Paz Soldán, *Vinieron como golondrinas*, una de las más importantes del autor.

Aparecida en el mismo año en que fue contratado como editor en *The New Yorker*, esta novela —que ha visto la luz ayer en su versión castellana— es una de las obras más autobiográficas de Maxwell y en ella se enfrentó por primera vez


Su obra abarca cuentos, ensayos y novelas

al recuerdo de la muerte de su madre, sucedida cuando era todavía un niño. La novela se sitúa en un pequeño pueblo del Medio Oeste americano en la década de los veinte; la tragedia que se cierne sobre una familia de clase media es contada por tres de sus miembros: un niño de ocho años, su hermano mayor y el padre de ambos; tres formas de mirar el mundo y de experimentar los estragos causados por una gran epidemia de gripe, tres puntos de vista para componer el retrato de Elizabeth Morison, la

madre, el centro de una vida que se desmoronaría sin ella. *Vinieron como golondrinas* muestra esas necesidades veladas de amor y comprensión que nos acompañan para siempre.

Con esta novela, en la que el autor se enfrenta por primera vez con el recuerdo de la muerte de su madre, Libros del Asteroide emprende la publicación en castellano de la obra de William Maxwell, considerado uno de los más exquisitos autores norteamericanos del siglo XX.

Paralela a su carrera como edi-



William Maxwell, en dos etapas de su vida.



tor, Maxwell desarrolló una reconocida obra compuesta por seis novelas: *Bright Center of Heaven*, *Vinieron como golondrinas*, *The Folded Leaf*, *Time Will Darken It*, *The Chateau* y *Adiós, hasta mañana*; seis libros de cuentos; un libro de memorias, *Ancestors*; y una recopilación de reseñas y ensayos literarios. Como curiosidad, *Vinieron como golondrinas* se ha seguido publicando ininterrumpidamente desde su aparición en 1937.

Con este título, Libros del Asteroide recupera la obra de este histórico editor.

Persona y personaje

Editor durante la época dorada de la revista *The New Yorker*, donde tuvo bajo sus cuidados y tutela a autores como Nabokov, Salinger y Cheever, William Maxwell fue también un escritor clásico y único a la vez. Numerosos testimonios de amigos y pupilos evocan en sus escritos y declaraciones el genio y la figura de este "hombre amable" que, llegado ya a octogenario dijo: "Me encanta ser viejo porque puedo apreciar toda mi vida como si se tratara de una casa y comprender que cada hombre es su propio arquitecto. Y no me importa morir, aunque encuentro insostenible la idea de que, cuando la gente se muere, ya no pueda leer libros."

Para muchos de los que aconsejó y asesoró, Maxwell era, a la vez, el lector y el editor ideal, de quien destacaban su educado carácter y su rigor compasivo. Y aunque su labor de editor eclipsó en parte su faceta de escritor, se le reconoce como autor de cuidada estética y de realismo austero, capaz, en materia narrativa, de hacer muchas cosas con pocos elementos.

Marta Rivero

El séptimo aniversario de la muerte de Alfredo Kraus (10 de septiembre de 1999) coincide con la edición del primer volumen de la colección que lleva su nombre. "Alfredo Kraus Inédito Volumen II y III" recoge una selección de arias remasterizadas que el tenor grabó en 1975 en Madrid bajo la dirección del maestro italo-americano Nicola Rescigno, uno de los grandes directores operísticos y concertísticos de los cincuenta y sesenta.

En este CD, el considerado como el gran belcantista de su generación canta, arropado por los maestros de la orquesta española Manuel de Falla, óperas francesas e italianas que posteriormente fueron frecuentadas por el tenor.

El volumen II se divide en dos mitades de las cuales la primera se centra en la ópera romántica gala, mientras que la segunda está orientada al verismo pucciniano y aledaños. En él, la voz de Kraus, única y homogénea, adquiere diversas tonalidades según el tipo de música que interpreta. Piezas como la aria de los nueve does de *La fille du régiment*, extractos de la más popular ópera de Delibes,

Un testamento lírico

"Alfredo Kraus Inédito Volumen II y III" recoge una serie de óperas grabadas en 1975 por el tenor junto a la orquesta Manuel de Falla



El tenor Alfredo Kraus.

Lakmé, y de la página nocturna *Ah lève-toi soleil*, que pertenece a *Romeo Julieta*, componen un repertorio único.

El volumen III se inicia con sendas arias de *Il pirata* de Bellini y continúa con dos páginas de *Linda di Chamounix*, de Donizetti, y dos arias verdianas, *Luisa Miller* y *La Africana*.

Junto con este compacto, cada uno de los trece discos de la colección Alfredo Kraus Inédito está presentado en una elegante caja acompañada de un libretto con fotografías históricas del tenor en algunos papeles que encarnó, una completa biografía de cada protagonista y los comentarios de Arturo Reverter.

Kraus

Alfredo Kraus nació en 1927 en Gran Canaria, donde comenzó cantando en el coro infantil de su colegio. Más tarde, amplió su educación musical al tiempo que finalizaba sus estudios de Ingeniería Técnica Industrial. Entre los títulos más representativos de su carrera se cuentan *La Traviata*, *I Puritani*, *La Favorita* y *Lucía de Lammermoor*, entre otros. Para conservar su legado cultural se ha creado la Fundación Internacional Alfredo Kraus.


Una biografía filosófica

Hannah Arendt

ELIZABETH YOUNG-BRUEHL.
Paidós. 630 páginas.

Cuenta Elizabeth Young-Bruehl que Hannah Arendt se resistía a las propuestas editoriales de escribir sus memorias alegando que "Si yo pongo mis historias por escrito, ¿quién vendrá a oírmelas contar?". Extremadamente reticente a divulgar su vida privada, Arendt consideraba la biografía como un género sin interés para el caso de las personas cuya importancia estriba fundamentalmente en sus obras, "en las realizaciones que añadieron al mundo, no en el papel que jugaron en él".

Era inevitable, sin embargo, que la autora de *Los orígenes del totalitarismo*, *La condición humana*, *Eichmann en Jerusalén: un informe sobre la banalidad del mal* y tantas otras obras capitales en el pensamiento político del siglo XX despertara la curiosidad acerca de los episodios que habían marcado la actividad de su mente y la evolución de sus temas y preocupacio-



nes. Aventajada discípula de Arendt, Elizabeth Young-Bruehl ha tomado ejemplo de cómo su maestra, en *Hombres en tiempos de oscuridad*, "trazó la luz arrojada en la oscuridad de nuestros tiempos por sus amigos, produciendo retratos purgados de mortal vulgaridad". Y así, en la biografía que ha escrito sobre Hannah Arendt, ha evitado tanto el realismo chismoso como las descripciones novelísticas de lugares, gentes y periodos que suelen abundar en el género, centrándose en cambio en mostrar las bases históricas de sus generalizaciones, las experiencias particulares que movilizaron su pensamiento y las amistades y amores que nutrieron su modo de pensar.

Es, en cierta forma, una biografía filosófica, aunque cuajada de historias apasionantes. En la trayectoria de Arendt se cruzaron la Alemania nazi, de la que como judía tuvo que huir; el juicio de Eichmann, que cubrió para *The New Yorker*, y personajes como Walter Benjamin, W.H. Auden o

Martin Heidegger, con quien tuvo un breve romance. Son historias que hace ya más de treinta años nadie ha vuelto a oírse contar.

El fantasma de la muerte

El mar

JOHN BANVILLE. Anagrama. 219 páginas.

Aunque el crítico George Steiner hace ya años que le había señalado como "el escritor en lengua inglesa más inteligente, el estilista más elegante", a John Banville se le resistía el Premio Booker, el más prestigioso que todos cuantos se conceden en Reino Unido. Lo ha conseguido por fin con su decimocuarta novela, una oscura y conmovedora historia acerca de la memoria, el dolor y la muerte que quizá le abra definitivamente las puertas del mercado español, donde hasta ahora contaba con pocos, aunque muy entusiastas lectores.

En *El mar*, un hombre que acaba de padecer la agonía y muerte de su mujer vuelve, impulsado por un sueño, al pueblo de la costa irlandesa donde pasaba las vacaciones cincuenta años atrás. Entre días sombríos y noches de insomnio intenta asimilar la reciente pérdida al tiempo que reconstruye los acontecimientos de un ve-

rano que, en el inicio de su adolescencia, cambiaron su vida para siempre.

En el centro de sus recuerdos se halla la familia Grace: la madre, de quien se enamoró primero; la hija, de quien se enamoró después; el inquietante hermano gemelo de ésta; el padre y la institutriz de los niños, que parecen estar liados. Una atmósfera de pesadilla envuelve la evocación de aquel verano, amenazando cada

momento de felicidad con trágicos presagios, finalmente hechos realidad en forma de "extraña marea".

La imposibilidad de aceptar la muerte, la propia y la ajena, flota en cada línea de este relato. "Era como si nos hubieran revelado un secreto tan sucio, tan desagradable -recuerda el protagonista del instante en que le anunciaron la fatal enfermedad de su mujer- que casi no pudiéramos soportar la compañía del otro, aunque sin ser capaces de separarnos, los dos

sabiendo esa cosa nauseabunda que el otro sabía y unidos por ese mismo conocimiento. A partir de ese momento todo sería disimulo. No había otra forma de convivir con la muerte."



Maestro Cela

GASPAR SANCHEZ SALAS. Berenice. 201 páginas.

Secretario personal de Camilo José Cela en los últimos años de la vida del escritor, Sánchez Salas dispone de información de primera mano sobre la obra y la vida privada del autor de *La familia de Pascual Duarte*. No en vano, tuvo el privilegio de trabajar a su lado, observar su proceso creativo, participar en sus proyectos e incluso escuchar sus confidencias. Parte de ello lo ha divulgado ya en los libros *Cela, mi derecho a contar la verdad* y *Mis mejores anécdotas junto a Cela*. En *Maestro Cela*, su discípulo y comen-



tarista ha reunido cinco ensayos sobre diferentes aspectos de la obra del desaparecido escritor, entre ellos el trasfondo real e histórico de *La familia de Pascual Duarte*, el estado de los estudios sobre *Viaje a la Alcarria* y la creación de *Madera de boj*.

Pensar en imágenes

TEMPLE GRANDIN. Alba. 345 páginas.

Experta de fama mundial en psicología y conducta animal y diseñadora de equipamiento ganadero para la industria cárnica, Temple Grandin ha derribado con su brillante carrera algunas de las ideas falsas que rodean al autismo. En *Pensar en imágenes*, mezcla de autobiografía y divulgación, nos habla de su infancia temible, de la amenaza de ser ingresada de por vida en una institución, de su incapacidad absoluta para entender la forma de pensar de los demás y descifrar sus expresiones, de las frustraciones asociadas a su limitación.



Un libro que además de destacar por su interés humano, resulta, en palabras de Oliver Sacks, "conmovedor y fascinante porque ofrece un puente entre nuestro mundo y el suyo, y nos aporta una visión de un tipo de mente muy distinto."

Hablar con corrección

PANCRACIO CELDRAN GOMARIZ. Temas de Hoy. 401 páginas.

Semana tras semana, el profesor Pancracio Celdrán Gomariz ha predicado desde su púlpito de Radio Nacional de España contra el progresivo empobrecimiento del idioma y "esa ola gigante de mal decir que se apodera de los medios de comunicación".

Del creciente interés de los oyentes por los problemas normativos de la lengua nace este libro, en el que el profesor Celdrán contesta a las preguntas y dudas planteadas por un público



que ansía adquirir una mayor competencia en el manejo del idioma. Un práctico manual que, además de abordar las incorrecciones más frecuentes, explica el origen de dichos populares y la etimología y peripetia semántica de algunas palabras.

LOS MÁS VENDIDOS

FICCIÓN

- 1 Inés del alma mía.** Isabel Allende (Plaza & Janés).
- 2 La catedral del mar.** Ildefonso Falcones (Grijalbo).
- 3 Travesuras de la niña mala.** Mario Vargas Llosa (Alfaguara).
- 4 Ojos de agua.** Domingo Villar (Siruela).
- 5 Brooklyn Follies.** Paul Auster (Anagrama).
- 6 En el nombre del cerdo.** Pablo Tusset (Destino).

NO FICCIÓN

- 1 Sabina en carne viva.** Joaquín Sabina (Ediciones B).
- 2 La ciencia de la salud.** Valentín Fuster (Planeta).
- 3 Aprender a convivir.** José Antonio Marina (Ariel).
- 4 La dieta Montignac.** Michel Montignat (Blume).
- 5 La proporción áurea.** Mario Livio (Ariel).
- 6 Viajes con Herodoto.** Ryszard Kapuscinski (Anagrama).

LINGUA GALEGA

- 1 Ollos de auga.** Domingo Villar (Galaxia).
 - 2 Os libros arden mal.** Manuel Rivas (Xerais).
 - 3 Vigo e comarca camiñando.** Xosé R. Varela (Xerais).
- CON LA COLABORACIÓN DE LAS LIBRERÍAS:
VIGO: El Corte Inglés, Librouro y Casa del Libro.
VILAGARCÍA: Limiar.
OURENSE: La Viuda.

¡UNIVERSITARIOS!

TODOS VUESTROS LIBROS EN EL CENTRO DE VIGO.

En Casa del libro de Vigo tienes los textos y las lecturas recomendadas de la UNED así como las publicaciones de las demás universidades. La oferta más completa en el centro de Vigo. Y sólo con presentar tu carnet de estudiante te ahorras el 5%!

CASA DEL LIBRO
VELÁZQUEZ MORENO, 27 36202 VIGO TEL: 98 644 16 79

X.L.
MÉNDEZ
FERRÍN



CONSULTORIO DOS NOMES E DOS APELIDOS GALEGOS

Un ferrado de apelidos (XIV)

82.- NAVIA.- Este apelido, que debe pronunciarse trisílabo, non é frecuente, aínda que crece como nome persoal feminino. Procede das poboacións que na Galicia Administrativa, Asturias Occidental e N. de Portugal son chamadas Navia, Návea ou Neiva. Pensamos que nun principio Navia foi hidrónimo e que, antes ca iso, foi teónimo ou nome dunha deusa. Trátase da deusa á que, aínda que apareza co nome en ablativo, chamamos en nominativo, Nabia, e que figura nunhas 15 inscricións de época romana na Gallaecia e na Lusitania (Carlos Búa), o que demostra a semellanza cultural existente entre ambas provincias. A condición indoeuropea de Nabia é evidente. Pokorny acolle unha raíz indoeuropea *ab-* “auga río” que diu paso a numerosa hidronimia viva en Galicia: Abalo, Abedes, Abavides, Avia, Avión, Aviño; en Portugal: Ave; en Francia: Avéne; en España: Ávila, Avilés; en Inglaterra: Avon... Pro Nabia ten un *n-* inicial que seguramente engadirá algo a “auga, río”. Proponho *nana*, palabra indoeuropea orixinada no gagueo dos miniños e que indica “condición materna, nai”. Entón, dunha forma *Nana Abia* “Nai Auga” saíria Nabia, deusa que terminaría por lle dar nome a ríos ou a fontes e estes a lugares habitados. Os que se apellen Navia e as que se chamen de nome persoal Navia poden gabarse de ser perpetuadores do nome dunha poderosa deusa do pasado galaico e lusitano. En todo caso, o nome propio Navia é prerromano e seguramente paleuropeo (SPR2).

83.- OXEA.- Consúltame Iago Prada Ojea sobre este seu segundo apelido que gastan 1.044 persoas (GN) galegas, maiormente na forma deturpada Ojea. Semella que a meirande parte dos onomasticistas consideran Oxea unha simple variante fonética do nome persoal Uxía, ou Euxenia, orixinado no grego *eugenia* a través do latín Eugenia, que significaría “de bo nacemento”, de boa familia”. Non me parece verosímil, entre outras cousas porque en Galicia case non existen matrónimos ou apelidos tomados dun nome persoal feminino. Dado que Oxea non figura na onomástica medieval e tamén non está presente na toponimia, debemos consideralo apelido de orixe descoñecida.

84.- OZORES.- Meses antes de falecer, Pinho López-Valeiras Ozores preguntoume polo seu segundo apelido, que é patronímico e formado co sufixo *-es* sobre o nome persoal Osorio. Ozores era, nun principio, “fillo de Osorio”, e tamén aparecía coas formas Osore e Osórez. Bascuas considera Osorio como nome prerromano e celta. Despois de rexeitar todas as propostas etimolóxicas para Osorio basadas no vasco (*hartz* “oso”, *otso* “lobo” e *oso* “perfecto”) e de lle negar a proximidade a un xermánico relacionado co indoeuropeo *aus-* “brillante”, Edelmiro Bascuas aplícase a demostrar a súa tese: Osorio deriva do celta *ukwso* “touro, boi colludo” e faino con bons argumentos. Con todo, o punto de vista de Leite de Vasconcellos sigue a nos convencer moito. Para o vello mestre portugués, Osorio é unha sinple metátese, moi antiga e usual na Gallaecia, do nome romano que levou o grande autor Paulo Orosio. Derivado de *os/-osoris* “boca”, o alcume *orosius* “o que fala ben, o de grande boca” daría lugar a Orosius e este a Osorius. Temos noticias, desde o século IX, de



varóns galegos chamados Osorio e de derivados con sufixación patronímica. En canto a Ozores, a súa difusión é baixomedieval e multiplícase a partir do século XV. Hoxe son Ozores 500 (GN) compatriotas.

85.- PARDO.- M.^a Luisa Vicente Ganteaume cóntame unha intrigante estoria familiar e interésase polo apelido do seu bisavó, José Ignacio Pardo, xuíz de Arzúa. Usan actualmente o apelido Pardo 11.298 (LM) persoas de Galicia, aínda que tamén é propio doutras épocas lingüísticas. Podemos supoñer que se trata dun apelido procedente dun alcume. Calquera de cabelo ou tinte da pel escuros podería ser acumulado como Pardo. Habería que precisar que en galego existe o adxectivo *pardo* que indica “cor escura” e que vén do latín *pardus/-i*, palabra esta coa que se nomeaba o “leopardo” e que foi tomada do grego *párdos*. De como esta fera pola súa cor orixinou o adxectivo actual que significa “resultado cromático de mesturar o negro, o vermello e o amarelo” (*Gran Xerais*) é algo que eu ignoro e que ven demostrar máis unha vez a inexactitude e a variabilidade

que teñen en todas as linguas as palabras que significan cores e matices de cor. Se houbo ou non un tipo de cabaleiros feudais chamados *pardos* seguramente por non portar divisas pintadas no escudo, é cousa que tamén descoñezo aínda que do asunto se tén falado. Pero Pardo de Cela foi o galego máis famoso da Historia que usou tal apelido.

86.- PAIVA.- Ana María González Paiva, de Ourense, quer saber do seu segundo apelido, que é de orixe portuguesa. Procede do nome do río Paiva, afluente do Douro en Portugal. Da raíz indoeuropea *ab-*

“auga, río” saíron, entre outros, os hidrónimos galegos Avión, Avia, e o portugués do N. Ave. Paiva, que tamén se chamou Pávia, leva un derivado daquela raíz e mais un *p-* inicial que sería imposible en celta e que eu identifico co indoeuropeo *pa-* o cal Pokorny rexistra unido á idea de “alimento, pasto, panasco”. De xeito que Paiva/Pávia poido vir de *pa ab-ia* “panasco ou prado ou lameiro ou braña ou pasto regado polas augas do río”, de carácter seguramente paleuropeo (SPR2). O xeneral Paiva Couceiro sublevouse contra a República Portuguesa e, derrotado, repregouse a Galicia, o que foi celebrado coma caso ridículo no seu tempo.

87.- PAZ.- Este apelido é patronímico e procede, mediante a sufixación en *-ez*, do nome persoal Paio. De maneira que Paz era “fillo de Paio”, o mesmo que Páez e Pais. Ou sexa que non ten nada que ver co substantivo abstracto *paz*. O nome Paio, do cal Paz se deriva, era en latín Pelagius, nome propio procedente do grego *pélagos* “mar”. Pelagius

significaría algo así como “mariño”. Hai unha lenda piedosa medieval que ten como protagonista un mocíño de Tui chamado Pelagius/Paio, logo santificado, que sufriu martirio en Córdoba por ser resistir a ser sodomizado por Aberramán III. San Paio ou Santo Paio foi famoso en Galicia e o apelido Sampaio é moi frecuente onda nós e en Portugal do N. A literata alemá Hrosvitha escribiu o martirio de San Paio en hexámetros latinos e hai quen sostén que enviou unha copia a Galicia para a súa amiga Adosinda, irmá de San Rosendo, ler no retiro de Vilanova das Infantes, onde viviu os días derradeiros,

ERRATAS

- 1.) A entrada do apelido NAVIA que figura nesta entrega non sigue a orde alfabética por erro de autor.
- 2.) Na entrada MIRAGAIA puxen o Camiño de Miragaia de Vigo na Rúa de García Barbón e a carón do edificio dos antigos Sindicatos Verticais. Non é certo: Miragaia é un camiño que, desde García Barbón, fai estrema ao chamado Edificio Santodomingo. A rúa que, desde García Barbón, fai de límite ao antigo edificio do Vertical, hoxe da UGT, chámase Heraclio Botana en memoria do dirixente socialista fusilado polos franquistas. Pido desculpas.